



## Polaffa en Muíños (Ourense): Historias de arraianos (/actualidad/agenda/2133-polafia-en-muinos-ourense-historias-de-arraianos)

XornalGalicia 29 Septiembre 2016 28 votos Sección : Localidades de Galicia (/localidades)

Nas instalacións da Sociedade Cultural, Deportiva e Xuvenil Fontefría (Complejo Turístico "O Corgo" -como chegar-), o sábado 1 de outubro de 2016, ás 17.00, con entrada libre até completar aforo.

(A Coruña, 29 de setembro de 2016) A Sección de literatura de tradición oral da AELG propón visitar o Concello de Muíños para asistir a unha nova Polafia, a trixésimo segunda edición, unha revista oral que terá como tema central a literatura oral da raia. O que suceda nesta Polafia, como xa sucedeu en todas as anteriores, gravarase para incorporar ao arquivo oral da web AELG.

O acto terá lugar nas instalacións da Sociedade Cultural, Deportiva e Xuvenil Fontefría, no Complejo Turístico "O Corgo" -como chegar-, e conta coas intervencións de David Pérez, Celso Diz, Inés Rodríguez, Carlos Morais, Antonio González Baralló, Lino Perdiz e Isidro Novo.

A parte musical corre a cargo de Xurxo Souto e Ordeikí.

Este acto, organizado pola AELG e pola Sociedade Cultural, Deportiva e Xuvenil Fontefría, conta co apoio da Consellaría de Cultura e a colaboración da Asociación Os Arraianos, a Librería Aira das Letras (Allariz), a Livraria Traga-Mundos (Vila Real) e o Núcleo de Estudos e Pesquisa dos Montes Laboreiro.

O teléfono de contacto co vogal e coordinador da Sección de Literatura de Tradición Oral da AELG, Antonio Reigosa, é o 655 432 511.

-----

Que son as Polafías?

As Polafías son un proxecto nacido en 2007 da man da Sección de Literatura de Tradición Oral da AELG e que, con coordinación de Antonio Reigosa, ten como obxectivo recuperar usos de creación musical e literaria de carácter popular, por medio dunha adaptación das antigas xuntanzas tradicionais (fiadas, polavilas, etc) aos tempos actuais, nos que os recursos técnicos permiten darlle un carácter estable e con garantía de futuro á creación espontánea dos asistentes.

A principal diferenza, en canto ao desenvolvemento, daquelas xuntanzas de antigo co desta nova proposta é que agora nos axudamos das novas tecnoloxías, desde os aparellos de gravación, que favorecen o arquivo e estudo do recompilado, ata o uso de internet, para conseguir unha ampla difusión deste patrimonio.

Máis información:

<http://www.aelg.gal/Polafias/>